



CONCELLO DE A ESTRADA

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

Praza Constitución, 1
Tfnos.: 986 570165/570030
Fax: 986 570233

SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA DE OBRA MAIOR (nova planta, rehabilitación, ampliación, reforma ou demolición) (1)

EDIFICACIÓN:

Proxecto:

Título, autor e visado:

Solicitante:

1º Apelido	2º Apelido	
Nome	Teléfono	N.I.F. / C.I.F.

Representando a:

N.I.F. / C.I.F.

Enderezo a efectos de notificación:

Enderezo	Localidade	Provincia	C.P.
----------	------------	-----------	------

Documentación que se acompaña (riscar cun "X"):

- Folla de Estatística de edificación e vivenda. (2)
- Título de propiedade.(3)
- Proxecto técnico visado por Colexio Oficial e.....nº de exemplares. (4)
- Nomeamento de técnicos directores da obra.(5)
- Nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde. (6)
- Proxecto de Infraestrutura común de Telecomunicacións, para edificación destinada a uso residencial colectivo. (7)
- Reportaxe fotográfica, de tratarse de obras a realizar en edificación preexistente. (8)
- Acreditación da antigüidade, de tratarse de obras a realizar en edificación preexistente; ou, no seu defecto, declaración responsable acreditando unha antigüidade anterior ou posterior ao ano 1.940.(9)
- Escrituras. (10)
- Fotocopia da licenza de obra/apertura da edificación preexistente.
- Acreditación fidedigna do compromiso con xestor de residuos, no seu caso (Decreto 174/2005).
- Garantía para obra urbanizatoria (no seu caso).

Datos da Edificación:

SITUACIÓN

Radicación	Referencia Catastral	Finca rexistral nº
------------	----------------------	--------------------

EDIFICACIÓN

Ocupación	Superficie	% s/ parcela neta
-----------	------------	-------------------

USOS	NÚMERO DE ENTIDADES												NÚMERO TOTAL
	PLANTAS												
	Sot.2	Sot.1	SemiS.	P.B.	EntrePl	P-1	P-2	P-3	P-4	P-5	P-6	B.cub.	
VIVENDAS													
TRASTEIROS													
BODEGAS													
OFICINAS													
LOCAIS COMERCIAIS													
GARAXES													
INDUSTRIA													
OUTROS													

OBRIGA DE URBANIZACIÓN: SI NON

DATA E SINATURA

INDICACIONES (VER REVERSO)

INDICACIONES ACLARATORIAS.-

(1) Son *obras/instalacións menores*, as de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten ao deseño exterior, á cimentación, á estrutura ou ás condicións de habitabilidade/seguridade dos edificios/instalacións de todas as clases (art. 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e, art. 14.2 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro).

Cando a obra de mera conservación, ornato e/ou hixiene mereza tecnicamente a consideración de *obra menor*, non se precisará proxecto técnico visado nos termos do art. 195.4 da Lei 9/2002 e do art. 14.3 do Decreto 28/1999 nin dirección facultativa, aínda que é recomendable dende a entrada en vigor do R.D. 1627/1997, dado que toda obra, aínda menor, conleva un risco laboral que, polo *principio de prevención*, alomenos, se achegue un documento técnico de mínimos que avalíe os riscos e planifique a actividade preventiva, a partires do que se puidera designar dirección facultativa e/ou coordinación en materia de seguridade e saúde na execución da obra.

Relativo á obra maior, intérpretese en sentido contrario.

A título de mero exemplo non exhaustivo nin esgotador, é obra maior a construción de cerramento con material de fábrica de calquera clase, así como de galpóns, edificios, naves, vivendas ou similares; tamén, a ampliación de edificacións/instalacións ou as modificacións/reformas de edificacións preexistentes que supoñan rehabilitación, reconstrución ou reestructuración. Así mesmo, a modificación da disposición interior de edificios se afecta ás súas instalacións xerais.

Igualmente, é obra menor a realización de cerramentos de sebes ou con postes e arame. Así mesmo, son obras de mera conservación, ornato e hixiene, as de reparación de cubertas, pintado e limpeza de fachadas, substitución de carpinterías, colocación/substitución de canles e baixantes, pavimentos, e calquera outra de semellante entidade.

(2) Folla de estatística de edificación e vivenda, debidamente cumprimentada (art. 18 e seguintes da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de Estatística de Galicia, en consoancia co Decreto 68/1989, de 31 de marzo).

(3) Aos efectos do prevenido no Apartado 5 do Decreto 207/2006, de 16 de novembro, polo que se aprobou a Ordenación Urbanística Provisoria aplicable para este Concello (DOG 224/2006, do 21 de novembro), en consoancia cos art. 42.1.d) e 44.1.a) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, achegarase acreditación fidedigna da superficie e lindeiros da parcela onde se proxecta a edificación, mediante certificación catastral ou rexistral. Excepcionalmente, cando non sexa posible deste xeito (o que se acreditará mediante certificación negativa catastral ou rexistral sobre o inmovible), admitirase certificación expedida por facultativo competente e visada polo Colexio profesional correspondente (art. 34.1.a das Normas Provinciais Complementarias e Subsidiarias do Planeamento, e 221 e seguintes da Lei Hipotecaria).

(4) Proxecto asinado por facultativo competente e visado polo Colexio profesional correspondente que contemple Estudo (básico) de Seguridade e Saúde (art. 14.2 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro).

(5) Encargo aceptado da Dirección facultativa competente para a execución da obra e/ou para a execución material da mesma, de Arquitecto/a, Arquitecto Técnico/a ou Aparellador/a, así mesmo visado polo Colexio profesional correspondente.

(6) Se na execución da obra interviñese máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos, ou diversos traballadores autónomos, achegará, ademais, designación visada dun/a Coordinador/a en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra (artigo 1 e seguintes do RD 1627/1997, de 24 de outubro).

(7) Proxecto específico da infraestrutura común de telecomunicacións que sexa distinto do proxecto arquitectónico, e que estea asinado por Enxeñeiro de Telecomunicacións ou Enxeñeiro Técnico de Telecomunicacións coa especialidade axeitada, visado polo seu Colexio, e coa acreditación do seu selado (rexistro) por parte da Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións. (R.D. Lei 1/98, do 27 de febreiro - art. 3.1º, 8 e 9 - ; R.D. 279/99, do 22 de febreiro - Anexo - Capítulo II - Art. 8; Orden Ministerial 26 outubro 1999, Art. 2; Resolución de 12 de xaneiro de 2000 da Secretaria Xeral de Comunicacions).

(8) Información fotográfica.

(9) Acreditación fidedigna da antigüidade da edificación preexistente (Certificación rexistral, catastral, ou calquera outro medio válido en dereito).

(10) Escritura de constitución da sociedade e modificacións posteriores (no caso de existir).